

TEMAS QUE O STEG DEMANDA DE NEGOCIACIÓN PRIORITARIA NA MESA SECTORIAL DOCENTE NON UNIVERSITARIA PARA O CURSO 2008/09

I. CALENDARIO DE NEGOCIACIÓNS :

Consideramos fundamental a existencia dun calendario para mellorar a defensa da calidade do ensino galego.

II. NEGOCIACIÓNS PARA MELLORAR A CALIDADE DO ENSINO

- Cumprimento do acordo de catálogos e horario de infantil e primaria:

1. **Dotación de profesorado** segundo o acordo para cubrir as necesidades reais dos centros.
2. **Horas complementarias fixas** : cumprimento do acordo e deixar á autonomía dos centros a decisión de incluílas dentro ou fora do horario do alumnado.

- Orientación :

1. Regulación do modelo de orientación dende a perspectiva da LOE. Definición do perfil do orientador/a educativo.
2. Retirada do punto tres das instrucións da D. X. de Innovación Educativa onde se di que quen desempeñe a praza de orientación realizará as gardas que se establezan no centro, contradicindo a lexislación de rango superior.
3. Establecemento dunha rede clara de orientación atendendo ás necesidades e características da realidade galega e respectando o modelo de orientación establecido.

- **Materias afíns** : nova regulamentación das materias afíns.
- **Redución das rateos** para unha mellor atención ao alumnado
- **Redución dos concertos educativos** mediante unha Orde con requisitos máis estritos. Maior control do cumprimento destes requisitos aos concertos concedidos. Retirada das subvencións ao colexios segregadores por sexos.
- **Retirada dos nomeamentos de cargos directivos ou outras funcións docente ao persoal de relixión.**

III. CONDICIÓNS SOCIOLABORAIS DO PROFESORADO

- **Negociación de estabilidade** para o profesorado interino que presta ou prestou servizos para a Consellería.
- **Retribucións** : inicio das negociacións para un novo acordo retributivo para o profesorado galego.
- **Igualdade nas condicións sociolaborais para o profesorado interino** : sexenios, fondo de acción social,....
- **Xubilación** : mellora das gratificacións para fomentar a xubilación anticipada.
- **Redución carga horaria** a maiores de 55 anos (aplicación do artigo 105.2.e da LOE).

- **Dotación de PAS** aos centros de Infantil e Primaria.
- **Estudio de solución para ás listaxes do profesorado de Procesos Comerciais.**

IV. LEXISLACIÓN

- Negociación de **novos ROCs** adaptados á lexislación vixente é a nova ealidade social. Adaptación dos ROCs ás distintas ensinanzas : Infantil e Primaria, Secundaria, CPIs, CIEP, Ensinanzas de réxime especial : EOI, Conservatorios, Ensinanzas Artísticas, Escola Superior de Arte dramática...
- Publicación inmediata do **Decreto de educación infantil**.
- Nova Orde que facilite a implantación de **vías de ensino en galego**. Control das concedidas aos centros concertados.
- Esixencia e control do **cumprimento do Decreto de Lingua galega**.

V. SAÚDE LABORAL

- Solicitar que se dote aos servizos das diferentes provincias cos medios humanos e materiais necesarios para o seu correcto funcionamento.
- Aumento do número de centros nos que se ten que facer a **avaliación de riscos**.
- **Revisión da saúde**, anualmente, a todas as persoas que compoñen os distintos corpos de profesorado.
- **Catálogo de enfermidades profesionais**

VI. FORMACIÓN PROFESIONAL

- Mapa de Formación profesional

VI. OUTROS TEMAS

- Convocatoria da **comisión de seguimento do acordo de itinerancias** : problemas nas partidas orzamentarias, nos CRAs...
- Creación do **carne de docente** (artigo 104.3 da LOE)
- Plano de mellora para a **Escola Rural**
- Equiparación das condicións para todo o profesora que imparta en **EPAs**
- Dotación de **comedores escolares** xestionados pola Consellaría, en todos os centros públicos
- **Dotación de persoal non docente nos centros**
- Establecemento dun rateo de nenas/os por coidador/a nos comedores.
- Negociación dunha nova Orde que regule a atención do **alumnado inmigrante**.

Secretariado Nacional do STEG